



Análise Musical I

Carga horaria: 4h. Departamento: Música

Gústache a música? A análise musical vai te dotar de ferramentas que che permitirán desfrutar máis a fondo dela.

Imos aprender a coñecer e recoñecer os elementos empregados na linguaxe musical e as características sonoras que nos permiten encadrar unha obra nun contexto histórico (harmonía, melodía, ritmo, timbres, cadencias, forma...) sen esquecer nos da actualidade, analizando cancións de todos os estilos (jazz, pop, rock...), fomentando unha visión crítica e valorando aqueles aspectos que son sintomáticos de calidade musical.

Esta disciplina organízase nunha parte teórica, que se traballará mediante audicións, contidos, exercicios e tarefas na aula virtual, e unha parte práctica, tocando instrumentos, facendo cancións e coreografías e actividades extraescolares (saídas didácticas a concertos).